

ANUNCIO

CONVOCATORIA

Expte TEDEC: 2022/G003/000361

Programa: OBRADOIROS DE EMPREGO (EXPTE: 15/0023/2022)

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E ADMINISTRATIVO DE APOIO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE II”

Por medio do **decreto da Alcaldía núm 353/ 2022 do 06/09/22** aprobáronse as **bases de selección** do persoal directivo, docente e administrativo de apoio e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego “RESERVA DE BIOSFERA: EMPREGO VERDE II” (Expte 15/0023/2022), elaboradas e asinadas pola Comisión de Selección deste programa mixto.

Tamén se aprobou, conforme as anteditas bases e os procedementos de selección nelas establecidos, a **convocatoria** para a **selección do persoal directivo, docente e administrativo de apoio deste obradoiro de emprego**, que se fai **pública** mediante a exposición nos taboleiros de anuncios das oficinas de emprego correspondentes, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello (<https://sede.abegondo.gal>). Tamén se publicará un anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP A Coruña), que determinará o inicio do prazo para a presentación das instancias coas solicitudes para participar no proceso de selección.

Concretamente, por medio do antedito decreto 353/2022 abriuse un **proceso selectivo específico** para a contratación das persoas traballadoras que cubrirán as seguintes **prazas de persoal directivo, docente e administrativo de apoio** do devandito obradoiro de emprego:

- 1 director/a (xornada completa)
- 2 mestres(as das especialidades “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” (AGAR0309) e “Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería” (AGAO0108) (xornada completa)
- 2 mestres/as de formación complementaria (ao 50 % da xornada), concretamente: 1 mestre/a en ensino básico/titor/a e 1 mestre/a en orientación, información profesional, formación empresarial e asesoramento
- 1 auxiliar administrativo/a (ao 50 % da xornada)

Este procedemento de selección rexeráse fundamentalmente polo establecido nas anteditas bases de selección do persoal e do alumnado-traballador deste obradoiro dual de emprego e conforme o regulado na **orde** de convocatoria de subvencións da Consellería de Emprego e Igualdade do **21 de febreiro de 2022** pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 /código de procedemento TR353A (DOG núm. 46, do martes, 8 de marzo de 2022) e nas **Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 26/04/2022** en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego, para a convocatoria duais 2022-23.

As bases publicaranse tanto no taboleiro de anuncios do Concello de Abegondo e na sede electrónica (sede.abegondo.gal), accesible a través de web municipal (www.abegondo.gal), como nos taboleiros das outras entidades promotoras beneficiarias da subvención concedida para o obradoiro de emprego, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e tamén nos taboleiros das oficinas de emprego de Betanzos, A Coruña- Monelos, A Coruña-Tornos e Ferrol-Esteiro (por ser as que comprenden o ámbito territorial dos respectivos concellos e a que xestionará as ofertas que se presentarán).

As mencionadas bases da convocatoria conteñen todas aquelas cuestións ou aspectos substanciais dos procesos de selección, a teor do disposto no apartado 7 das Instrucións da Dirección Xeral de Formación e Colocación do 26/04/2022, entre eles os seguintes: requisitos mínimos que deben cumprir as persoas interesadas, características dos contratos a subscribir coas persoas seleccionadas, a forma e lugar e prazo de presentación de documentación, o lugar e data de exposición das relacións provisionais e definitivas das persoas admitidas e excluídas, entre outras cuestións de interese para as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos.

As **instancias** que conteñen as solicitudes para participar nos procesos selectivos deberán presentarse na forma e achegando a documentación inidcada no apartado 4.3 das bases de selección, no prazo de **5 días naturais** que se contarán dende o día seguinte ao da publicación do anuncio co extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Abegondo, 8 de setembro de 2022

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.